



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 195/143

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, o Ministerio de Facenda solicita a través da oficina virtual a remisión das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2022, polo que,

DISPOÑO

PRIMEIRO.- Que en virtude da Resolución desta Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019, sobre as Delegacións de competencias, será o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda quen elabore as directrices sobre a formación das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2022.

SEGUNDO.- En cumprimento do contido da Resolución do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal e Contratación de data 25/02/2016, solicítese do técnico que ten ao seu cargo a formación técnica do orzamento, a elaboración e os documentos para a aprobación das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2022 e proceda a súa incorporación á plataforma do MINHAP para a súa sinatura polo Sr. Interventor Xeral.

TERCEIRO.- Formúlese proposta para a súa aprobación por Resolución da Alcaldía Presidencia.

CUARTO.- Remítase o expediente á Intervención por si tivese que emitir informe sobre a proposta.

QUINTO.- Incorpórese proxecto de Resolución para a súa aprobación.

SEXTO.- Unha vez que se teña tramitado o expediente, será o Sr. Interventor a quen lle corresponda a sinatura electrónica e remisión da información dentro do prazo previsto, que remata o día 15 de setembro ás 24 horas.

SÉTIMO.- Dese conta ao Pleno da Corporación da Resolución de aprobación das Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2022.

En Vigo, a data da sinatura electrónica:

O Tesoureiro Municipal-Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Alvarez

O ALCALDE:

ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe, a Secretaria Xeral da Xunta de Goberno Local, sinatura electrónica.

Concepción Campos Acuña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/09/2021 11:53

Páxina 1 de 1

Expediente 195/143

CSV: 2683A1-A2458E-2EA2A6-EEUFR1-24TXM8-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>